

ACTA Nº 20/2015

**DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA
POLO PLENO MUNICIPAL**

- DIA 17 DE DECEMBRO DE 2015 -

Marxe que se cita:

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 19:04 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria accidental da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ.- BNG

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

Concelleiros ausentes:

BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP

Interventora:

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

Secretaria accidental:

Vicenta Avelina Campaña Martínez

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do numero legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DIA

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

**2º.- PLAN PROVINCIAL DE
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS
DE COMPETENCIA MUNICIPAL – POS
2016**

**3º.- PLAN DE ACCIÓN SOCIAL – PAS
2015**

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Alcalde xustifica a urxencia, tal e como indicou na convocatoria.

O Alcalde xustifica a urxencia, tal e como indicou na convocatoria, nos prazos dados para aprobar as subvencións convocadas pola Deputación de A Coruña que remata o 18 de decembro o que fai que se necesite a aprobación do pleno case ao remate do prazo, dada a elaboración técnica dos permisos, proxectos, etc.

Sendo o Pleno o órgano competente, sométese a votación a urxencia da sesión resultando que RATIFICASE A URXENCIA da sesión, con 11 votos a favor (6 BNG, 3 do PSdeG-PSOE e 2 de Rianxo en Común) cero votos en contra e 4 abstencións (os 4 do PP), isto é, 15 dos membros presentes dos 17 membros que compoñen legalmente a corporación, polo tanto a maioría esixida legalmente ao abeiro do artigo 46.2.b Lei 7/1985.

2º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL – POS 2016

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<A Deputación Provincial de Coruña ó día 08/10/2015, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos Municipais do ano 2016. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 251.014,26€.

Segundo as bases reguladoras deste plan os concellos deben destinar cando menos o 60% do importe ao financiamento de obras, podendo ser o resto para financiar gastos correntes ou ben efectuar maiores investimentos.

De acordo coas solicitudes dos diferentes grupos políticos da Corporación a estes programas da Deputación engadiranse diferentes actuacións por valor de 75.000 euros ao longo do 2016 para melloras da accesibilidade en viais e edificios públicos. Ademais de incluír nese mesmo ano un parque infantil de referencia en Quintáns (Isorna).

Contando xa cos proxectos de obras, informes técnico así como o informe da intervención respecto da previsión de gastos para o 2016, a proposta desagregase do seguinte xeito:

a) No tocante ao investimento en obras:

➤ **DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE OUTEIRO ASADOS**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado polo Arquitecto Juan Carlos Bastos González, colexiado nº. 4483, por importe de 93.276,95 euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 77.088,39€ e o iva que ascende a 16.188,56€

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 15/12/2015.

➤ **SANEAMENTO EN AS PEDRIÑAS - TARAGOÑA**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado pola Arquitecta Ana Isabel Piñeiro Esperante, colexiado nº. 2242, por importe de 189.106,33 euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 156.286,22€ e o iva que ascende a 32.820,11€

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 15/12/2015.

b) No relativo ao financiamento de gastos correntes:

- non se solicita

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE OUTEIRO ASADOS	93.276,95€		93.276,95€
SANEAMENTO EN AS PEDRIÑAS - TARAGOÑA	157.737,31€	31.369,02€	189.106,33€
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	251.014,26€	31.369,02€	282.383,28€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	251.014,26€	31.369,02€	282.383,28€
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES			
T O T A L	251.014,26€	31.369,02€	282.383,28€

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS – SERVICIOS MUNICIPAIS, do día 17/12/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo participou bastante pouco en todo este proceso xa que non houbo tampouco moitas oportunidades para facelo. Anuncia o voto a favor do seu grupo, pero dí que no plan de obras e servizos, eles propoñen obras pero dí que sempre son o mesmo tipo de obras, que son obras de saneamento para traelo á depuradora e coma en moitas ocasión para largalo ao mar. Indica que igual que habería que empezar a pensar en sanear a ría, e volvendo aos pozos negros de sempre que se depuraban coa propia terra, en vez de botalo ao mar. Sinala que igual é hora de voltar a outro tipo de saneamentos.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que as obras de saneamento son importantes, e que todas as zonas deberían estar xa con este servizo polo que van a apoiar a proposta.

O voceira do grupo do Partido Popular, **Mª Vanesa Martínez Durán**, dí que o seu grupo dí que está de acordo ca primeira parte da intervención do concelleiro Antonio Castro, xa que non tiveron unha boa disposición por parte do grupo de goberno. Dí que debería contar máis co apoio dos outros grupos municipais da oposición para estes asuntos. Indica que non intentou buscar un consenso de todos, polo tanto o seu grupo váise abster.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, amosa o apoio do seu grupo a proposta, e dí que lle sorprende á intervención dos outros grupos, xa cando se convocou a xunta de portavoces para tratar estes temas e solicitar a aportación a estes Plans, ningún voceiros solicitou incluír obra algunha, polo que lle sorprende agora estas manifestacións. Dí que ao seu grupo parécelle importante as obras de saneamento e están na disposición de ir rematando todos os tramos que faltan nas diversas parroquias. Indican no referente ao manifestado polo voceiro de Rianxo en Común, que eles tamén pensan que o das depuradoras igual non é o mellor sistema de saneamento, pero nestes momentos é o existente aparte de que as novas partes que se inclúen irán para esta depuradora e esperan que a Xunta mellora a depuración da mesma. Ademáis dí que hai máis depuradoras no Concello, na que se incluírán os tramos que correspondan.

Engade que coma Conselleira de Medio Ambiente, mirará de que se cumpra estrictamente cos sistemas de depuración, non evacuando ao mar en ningún momento. Tamén espera a colaboración dos outros organismos para que a depuración sexa o máis ecolóxica posible.

Toma a palabra o alcalde, que engade que as dúas obras son importantes e que espera que nun futuro plan poidan escoller algunha obra de saneamento que explore outras alternativas coma lagoas biolóxicas, contedores de bancos ou algún outro sistema, para algunha das aldeas que non poida ser viable a súa conexión á rede xeral, coma as aldeas de Ourille, Campelo, Cerqueiras ou Vilar que pode ser o próximo tramo.

Indica que son obras que demandan os veciños, e que son obras custosas para poucas vivendas pero que as veces non teñen outra alternativa, xa que nalgúns casos os pozos negros poden xerar contaminación.

Dí que un dos proxectos é uha declaración de intencións para destinar o 15% de discapacitados e así se ofertou, incluso na declaración desta proposta para incluír a maiores, 75.000 € dos proxectos para elaboracións concretas para o Concello a desenvolver no ano vindeiro. Indica que así se acordou na xunta de portavoces.

Indica que o grup de goberno renunciou a publicidade en prensa deste acordo antes da súa aprobación polo Pleno, tratando de buscar o consenso de todos.

Sinala que á Alcaldía convocou á xunta de portavoces por e-mail como se acordou que se faría e unha houbo intención de protagonismo por parte do grupo de goberno, xa que algunhas das obras que se traen foron algúns dos rogos feitos nos plenos anteriores polos voceiros dos grupos políticos, coma no caso da rua de Arcos Moldes e na adecuacións dalgúns parques infantís, polo que non entende agora estas manifestacións. Dí que tratará de mellorar os procedementos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

3.- PLAN DE ACCIÓN SOCIAL – PAS 2015

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<A Deputación Provincial de Coruña ó día 08/10/2015, aprobou as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 342.292,17€.

Contando xa cos proxectos de obras, informes técnico así como o informe da intervención respecto da previsión de gastos para o 2016, a proposta desagregase do seguinte xeito:

- Investimento en obras:
 - **MANTEMENTO E MELLORAS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS SOCIAIS: CENTRO SOCIOCULTURAL DE ISORNA (CASA DA REPÚBLICA) E TRES MAIS**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado pola Arquitecta Guadalupe Patiño Abuin, colexiado nº. 3229, por

importe de 40.340,57 euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 33.339,31€ e o iva que ascende a 7.001,26€

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 15/12/2015.

➤ **REMODELACIÓN DE ÁREAS RECREATIVAS E PISTAS POLIDEPORTIVAS DESCUBERTAS: SANTA LUCIA, VACARIZA, CAMPO MANEIRO, A MARQUESA E ISORNA.**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado pola Arquitecta Aurora Garcia Vicente, colexiado nº. 3973, por importe de 100.537,71 euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 83.089,02€ e o iva que ascende a 17.448,69€

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 15/12/2015.

➤ **PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS.**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado polo Arquitecto Amancio Losada Vicente, colexiado nº. 1463, por importe de 221.544,27 euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 183.094,44€ e o iva que ascende a 38.449,83€

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 15/12/2015.

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MANTEMENTO E MELLORAS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS SOCIAIS	40.340,57€		40.340,57€
REMODELACIÓN DE ÁREAS RECREATIVAS E PISTAS POLIDEPORTIVAS DESCUBERTAS: SANTA LUCIA, VACARIZA, CAMPO MANEIRO, A MARQUESA E ISORNA	100.537,71€		100.537,71€
PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS	201.413,89	20.130,38€	221.544,27
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	342.292,17€	20.130,38€	362.422,55

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS			

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	342.292,17€	20.130,38€	362.422,55€
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS			
T O T A L	342.292,17€	20.130,38€	362.422,55€

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de <u>carácter social</u>	Orzamento
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O alcalde pasa a palabra ao concelleir

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS – SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 17/12/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que él non manifestou a falta de posibilidades para participar nos Plans nin que o equipo de goberno quixese protagonismo neste asunto, senón que a Comisión foi antes que o Pleno e que tiveron pouco tempo para examinar a documentación. Indica que que PAS é un Plan de Acción Social e que poderíanse desmarcarse un pouco das obras e incluír outro tipo de axudas, incentivos ou apoios ao pequeno comercio, entidades culturais, autónomos, terceira idade. Dí que todo está pensado para facer obras, pero igual sería ben dedicar este tipo de plans a verdadeiras obras sociais. Sinala que neste caso deberían denominarse doutra maneira, xa que están pensados só para facer obras. Engade que van votar a favor da proposta.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, dí que estas obras son demandas que están facendo os veciños diariamente e que dalgún modo tamén son obras sociais polo que van a apoiar a proposta.

O voceira do grupo do Partido Popular, **M^a Vanesa Martínez Durán**, dí que o seu grupo vai na mesma liña que o punto anterior, e recórdalle ao Sr. Alcalde que tivo unha declaración de intencións co seu grupo cando utilizou outros medios para concocar ás xuntas de voceiros. Indica a abstención do seu grupo á proposta, pensando nos veciños. Non van votar en contra porque son obras beneficiosas para os veciños.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, amosa o apoio do seu grupo a proposta, engade que está de acordo ca intervención do voceiro de Rianxo en Común en canto ás obras de carácter social, pero de momento non se poden cambiar estas actuacións. Intentáranse cambiar dentro das posibilidades do Concello. Sinala que as obras pódense calificar de acción social, xa que afectan a moitas persoas e son peticións feitas insistentemente. Afectan a moitos colectivos, colexios, nenos, terceira idade, etc. para poder facer a súa actividade diaria con actividades recreativas. Con este plan intentaron plasmar as demandas feitas polos veciños. Engade que os Plans hai que dedicalos ao que establecen nas súas bases.

Toma a palabra o alcalde, que engade que están falando de obras tamén e que todos teñen a mesma finalidade, agás renuncia expresa do concello de non querer participar nos mesmos. Dí que hai varios plans pero que todos están pensados para facer obras, anque dalgua maneira algunhas obras que se inclúen tamén afectan a colectivos. Sinala que este ano dotáronse dunha importante consignación e que houbo unha aprobación xeral dos alcaldes da provincia a que ás bases foran as mesmas que ás do POS co cal temos máis axuda os concellos pequenos. Indica que tamén se podería renunciar a algunha destas subvencións non facer este investimento e destinar o importe a gasto corrente e liberar eses cartos para facer algunha outra acción para rendabilidade social, podería ser outro mecanismo. Dí que sería unha posibilidade caso de non querer facer unha inversión. Sinala que hai moita demanda veciñal para facer obras, e que no tema do saneamento incluso hai lista de espera por veciños que o solicitan. Sinala que tamen é intención do equipo de goberno facer unha actuación nas escolas do Concello de cara a vindeiros plans.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), ceros votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

Polo Sr. Alcalde indícase que o próximo Pleno ordinario tería que ser o día 31 dos correntes, pero que se cambiará por estar así acordado, xa que coincide co período vacacional.

Tamén aproveita para desexarlle unhas felices festas a todos os asistentes e un bo ano 2016.

Por último en nome de todos quere trasladar á voceiro do Partido Popular a repulsa polo incidente en Pontevedra contra o candidato ás Eleccións Xerais Sr. Rajoy, ca intención de que lle traslade aos membros do seu partido.

A voceira do Partido Popular M^a Vanesa Martínez Durán, dalle as grazas polas manifestacións feitas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 19:38 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

**A Secretaria accidental
(DXAL)**

Adolfo Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martinez